

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMGZIOPK	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 31-03-15 11:38

Número 9 .- Proposta do concelleiro de Seguridade e Mobilidade relativa a corrección de erro no prego do servizo de conservación e mantemento das instalacións do sistema de control de tráfico e túnel do Hórreo.

Destinatario

15078DCMGZIOPKv



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión extraordinaria - urxente que tivo lugar o día 30 de marzo de 2015, adoptou o seguinte acordo:

9.- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DE SEGURIDADE E MOBILIDADE RELATIVA A CORRECCIÓN DE ERRO NO PREGO DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DO SISTEMA DE CONTROL DE TRÁFICO E TÚNEL DO HÓRREO.

Dase contá á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do informe, de data 25 de marzo de 2015 da xefe do servizo de Mobilidade e Seguridade, e da proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade da mesma data. Así mesmo, do informe con observacións (as indicadas no derradeiro parágrafo de dito informe) nº 176/2015 de data 30.3.15, da técnico de Intervención, conformado pola Interventora Municipal.

O devandito informe e proposta é do seguinte teor literal:

"Visto o informe emitido polo técnico deste departamento, desta mesma data, en relación co erro detectado no Prego de servizo de conservación e mantemento das instalacións do sistema de control de tráfico e túnel do Hórreo do termo municipal de Santiago de Compostela, no que se pon de manifesto que:

O erro detectado corresponde o punto 2, apartado 1 do ANEXO N°3: ESTUDO ECONOMICO ANUAL, no que se duplica a suma económica das tarefas de mto. especializadas, sumando unha vez de forma global e

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
Documento	Expediente	Fecha
CMGZIOPK		31-03-15 11:38

outra de forma desglosada, obtendo así un total erróneo, segundo o que se encadra en cor vermello na seguinte imaxe:

Este erro non foi detectado de forma previa pola enxeñería redactora do Prego, nin polos técnicos asinantes do mesmo, así como tampouco polos Servizos Económicos do Concello. Todo elo previo a publicación do Prego. Analizando o cadro anterior comprobábase a dificultade para poder detectar o erro debido a que a cantidade subtotal de 25.979,69 € encontrábase estruturada de forma inadecuada, figurando como unha partida máis e non como un subtotal, dando elo lugar a un erro de carácter lóxico.

Unha vez eliminado dita cantidade, o custo total do servizo de mantemento e conservación deberá ser de 498.650,38 €, que representa en concepto de i.v.e. unha cantidade de 104.716,58 €, o que fai un importe total de 603.366,96 € i.v.e. engadido. O custo económico do servizo en nova licitación está cifrado nunha cantidade de 634.802,38 € (i.v.e. engadido), superior a que debería ser, segundo o detallado anteriormente.

Se acompaña o presente informe a seguinte documentación:

- Informe aclaratorio da enxeñería redactora do Prego.
- Última folla (paxina nº 75) do Prego Técnico, modificando o cadro resumen no seu artigo 42 correspondente o PRESUPOSTO DO CONTRATO.
- ANEXO Nº3: ESTUDO ECONÓMICO ANUAL, modificando a tabula de prezos.

Se considera, de conformidade co disposto no artigo 105 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, que procede a subsanación do devandito erro aritmético no Prego Técnico e no Estudo Económico Anual, co fin de garantir a transparencia, a concurrencia e a seguridade xurídica dos licitadores, proponse, ampliar o prazo de presentación de ofertas, en 20 días máis dende o 4 de abril, data de finalización do prazo inicialmente concedido, de conformidade co disposto no artigo 49 da meritada lei procedimental.

En todo caso, ten que terse en conta que a subsanación do erro supón que o prezo de licitación disminúe respecto do que figuraba no Prego de Cláusulas Administrativas, polo que non se produce un maior importe da contratación do servizo.

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
Documento	Expediente	Fecha
CMGZIOPK		31-03-15 11:38

O **orzamento de licitación** pasará a ser de **498.650,38 euros** (máis 21% de IVE: 104.716,58 euros), financiado con cargo á aplicación orzamentaria **060 13300 22701**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2015.- 351.964'06 euros
Anualidade 2016.- 603.366'96 euros
Anualidade 2017.- 251.402'90 euros."

"PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MOBILIDADE E SEGURIDADE.-

Visto o informe da Xefe do Servizo de Mobilidade e Seguridade, desta mesma data, mostrando conformidade ó mesmo, propoño, que pola Xunta de Goberno Local, se acorde:

SUBSANAR o erro aritmético padecido no Prego Técnico e no Estudio Económico Anual do contrato de servizo de conservación e mantemento das instalacións do sistema de control de tráfico e túnel do Hórreo do termo municipal de Santiago de Compostela, de conformidade co disposto no artigo 105 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, de tal xeito que o **orzamento de licitación** pasará a ser de **498.650,38 euros** (máis 21% de IVE: 104.716,58 euros), financiado con cargo á aplicación orzamentaria **060 13300 22701**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2015.- 351.964'06 euros
Anualidade 2016.- 603.366'96 euros
Anualidade 2017.- 251.402'90 euros.

Co fin de garantir a transparencia, a concurrencia e a seguridade xurídica dos licitadores, proponse, **ampliar o prazo de presentación de ofertas, en 20 días máis dende o 4 de abril**, data de finalización do prazo inicialmente concedido, de conformidade co disposto no artigo 49 da meritada lei procedimental.

Ten que terse en conta que a subsanación do erro supón que o prezo de licitación disminúe respecto do que figuraba no Prego de Clausulas Administrativas, polo que non se produce un maior importe da contratación do servizo."

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
Documento	Expediente	Fecha
CMGZI0PK		31-03-15 11:38

Enteirados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:


SUBSANAR o erro aritmético padecido no Prego Técnico e no Estudio Económico Anual do contrato de servizo de conservación e mantemento das instalacións do sistema de control de tráfico e túnel do Hórreo do termo municipal de Santiago de Compostela, de conformidade co disposto no artigo 105 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, de tal xeito que o **orçamento de licitación** pasará a ser de **498.650,38 euros** (máis 21% de IVE: 104.716,58 euros), financiado con cargo á aplicación orzamentaria **060 13300 22701**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2015.- 351.964'06 euros
Anualidade 2016.- 603.366'96 euros
Anualidade 2017.- 251.402'90 euros.

Co fin de garantir a transparencia, a concurrencia e a seguridade xurídica dos licitadores, propónse, **ampliar o prazo de presentación de ofertas, en 20 días máis dende o 4 de abril**, data de finalización do prazo inicialmente concedido, de conformidade co disposto no artigo 49 da meritada lei procedimental.

Ten que terse en conta que a subsanación do erro supón que o prezo de licitación disminúa respecto do que figuraba no Prego de Clausulas Administrativas, polo que non se produce un maior importe da contratación do servizo.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO



Asoc. Manuel Martínez Varela